

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0E3

Expediente

Fecha

07-08-15 10:11

Asunto

Acta de la sesión AYT/XGL/23/2015

27066DXUNZI0FK3



ACTA DA XUNTA DE GOBERNO

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DIA CATRO DE AGOSTO DE DOUS MIL QUINCE

ASISTENTES:

D/D^a MARIA ISABEL RODRIGUEZ LOPEZ
D/D^a MARIA LOUREIRO GARCIA
D/D^a JESUS FERNANDEZ FERNANDEZ
D/D^a LARA FERNANDEZ FERNANDEZ NORIEGA
D/D^a EMILIO VILLARMEA MENDEZ

AUSENCIAS:

D/D^a JESUS ANTONIO FERNANDEZ CAL

INTERVENTOR POR DELEGACIÓN:

D/D^a SERGIO AGUADO DELICADO

SECRETARIA ACCIDENTAL:

D^a. FÁTIMA MOAR RIVERA

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 17:00 do día 04 de agosto de 2015, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria accidental, D^a. Fátima Moar Rivera, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto polo Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0E3

Expediente

Fecha

07-08-15 10:11

1.- LICENZAS DE OBRAS MENORES.

A.- URB/169/2015.- 33994412K GALDO MARTINEZ, JOSE RAMON

Vista a solicitude de licenza presentada por D. José Ramón Galdo Martínez, con DNI 33.994.412-K, e domicilio a efectos de notificación na rúa Antonio Bas, nº 4-3ºB, en Viveiro, para substitución de pizarras soltas e algún cango na cuberta da vivenda sita na rúa Almirante Chicarro, 38, no casco antigo de Viveiro, de referencia catastral 3353964PJ1335S0002DP. Na mesma data foron ingresados os tributos municipais por ICIO, taxa de licenza de obras e sellos municipais.

Visto o informe técnico favorable emitido pola aparelladora da Oficina de Rehabilitación, co visto e prace do arquitecto municipal. O orzamento estimado das obras é de 2.800,00 euros, coincidente co declarado na autoliquidación provisional practicada polo interesado.

Visto que por parte da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo se emitiu informe xurídico conforme o previsto no artigo 195 da LOUGA e 12 do DRUG.

Visto que a técnico xurídico sinala no seu informe que, de conformidade co disposto no artigo 194.2, letra b) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en diante, LOUGA), na redacción dada polo numero 4 da Disposición final terceira da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, as actuacións proxectadas atópanse suxeitas a licenza por tratarse de edificios incluídos no catálogo inventario do PEPRI. O procedemento de outorgamento de licenzas urbanísticas é o regulado no artigo 195 da LOUGA. Constan no expediente os informes preceptivos técnico e xurídico.

Respecto á adecuación das actuacións á lexislación e planeamento urbanísticos aplicables

A ordenanza de aplicación ao solo urbano da zona antiga de Viveiro é a regulada no punto 1.3 do Anexo ao Decreto 102/2006, que remite, en canto a condicións de edificación e usos, ao documento do PEPRI da zona antiga aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o 7 de agosto de 1997 (BOP de Lugo nº 233 do 10 de outubro, así como as súas modificacións puntuais aprobadas definitivamente en datas do 31 de xullo de 2003 e do 9 de setembro de 2003. As

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0E3

Expediente

Fecha

07-08-15 10:11

actuacións propostas adecúanse á normativa urbanística e planeamento de aplicación.

De conformidade co disposto no artigo 47.2 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, os Concellos son competentes para autorizar as obras que desenvolvan os plans especiais de protección dos conxuntos históricos, tras a súa aprobación definitiva, debendo dar conta á Consellería de Cultura das licenzas concedidas nun prazo máximo de dez días.

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Outorgar a D. José Ramón Galdo Martínez, licenza de obras para substitución de pizarras soltas e algún cango na cuberta da vivenda sita na rúa Almirante Chicarro, 38, no casco antigo de Viveiro, de referencia catastral 3353964PJ1335S0002DP.

Segundo.- Con independencia das condicións xerais ás que se atopan suxeitas tódalas licenzas urbanísticas, a presente quedará sometida ao cumprimento das CONDICIÓNES PARTICULARES que de seguido se transcriben:

- A pizarra deberá ser irregular, tipo “rumbeiro”.
- De xenerarse entullos, deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.
- Deberase solicitar autorización municipal para ocupación do dominio público, de ser necesaria.

Terceiro.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Cuarto.- O prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados.

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0E3

Expediente

Fecha

07-08-15 10:11

Quinto.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados.

Sexto.- Dar conta da concesión desta licenza, no prazo máximo de dez días, á Consellería de Cultura, en cumprimento do disposto no artigo 47.2 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia.

2.- LICENZAS DE OBRAS MAIORES.

A.- URB/13/2015.- 33839201Z CRIADO SANCHEZ, FRANCISCO JOSE

Vista a solicitude de licenza presentada por D. Francisco José Criado Sánchez, con DNI 33.839.201-Z, e domicilio a efectos de notificación en Rúa Granxas, 75-3º izq., en Viveiro, para construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Mañona, Pallaregas, parroquia de Covas, en Viveiro, na finca de referencia catastral 27067 A026026240000XD. A solicitude acompañase de proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto, D. Fernando Losada Liste visado polo COAG en data 19 de decembro de 2014 co número 1408599. Consta acreditado no expediente o aboamento dos tributos municipais correspondentes a ICIO e taxas o día 28 de xaneiro de 2015.

Visto que en data 11 de maio de 2015 o interesado achegou documento técnico de modificado do proxecto básico e de execución asinado polo mencionado arquitecto e visado o 4 de maio de 2015, en cumprimento do requirimento de subsanación de documentación previamente efectuado; e en datas 14 e 22 de xullo incorporou novos planos de situación e emprazamento así como memoria descritiva rectificando a superficie da parcela.

Visto que consta no expediente resolución do director de Augas de Galicia, de data 22 de xuño de 2015, autorizando as obras obxecto do presente procedemento, que se atopan na zona de policía do río Cantarrana.

Visto que o 23 de xullo de 2015 formalizouse a cesión gratuita para viais ao Concello de Viveiro dunha superficie de 31,05 metros cadrados, mediante documento administrativo asinado ante a Secretaria municipal.

Visto o informe técnico favorable, emitido polo arquitecto municipal. Segundo dito informe, as obras atópanse dentro da liña de policía de leitos, calquera tipo de obras

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0E3

Expediente

Fecha

07-08-15 10:11

ou actuacións dentro deste ámbito requirirán da autorización sectorial de Augas de Galicia, Real Decreto 849/86 de 11 de abril polo que se aproba o regulamento do dominio público hidráulico. Serán de aplicación as condicións establecidas nas autorizacións da Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestructuras, Augas de Galicia. Presenta autorización de Augas de Galicia, Consellería de Medio Ambiente, Infraestructuras e Territorio con data 22 de xuño de 2015. Así mesmo debe establecerse unha fianza de 1.500 euros en garantía dos posibles danos que se poideran ocasionar nos espazos públicos durante a execución das obras.

Visto o informe emitido favorable, emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que se recolle que a ordenación urbanística provisional vixente no municipio de Viveiro (OUP) é a contida no Anexo ao Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento (publicada no D.O.G. nº 120, do 23 de xuño de 2006); dita ordenación foi modificada polo Decreto 89/2010, do 3 de xuño (D.O.G. nº 109, do 10 de xuño de 2010).

En virtude do disposto na Disposición Transitoria segunda da Lei 2/2010, de 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da LOUGA, os decretos autonómicos de suspensión do plan que foron ditados antes da entrada en vigor desta lei de reforma (20.4.2010) manterán a súa eficacia, como norma de dereito transitorio, ata a data de entrada en vigor do correspondente plan xeral de ordenación urbana, coas seguintes especificacións:

(...) c) Nos núcleos rurais tradicionais delimitados será aplicable o disposto nesta lei para o solo de núcleo rural

Ao abeiro da OUP, a finca sobre a que se pretende edificar clasifícase como solo de núcleo rural, segundo se acredita no informe técnico ao expediente

Respecto á ordenanza aplicable ás actuacións urbanísticas solicitadas é a regulada no punto 7 (solo de núcleo rural) da OUP, cuio tenor literal é o seguinte:

7.2. Condicións de edificación.

Para edificar no ámbito desta ordenanza será de aplicación o establecido nos artigos 24 a 29, 104 e 171 a 173 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, coas seguintes particularidades:

- a) Parcela mínima edificable: 600 metros cadrados.
- b) Fronte mínima de parcela: non se establece.
- c) Só serán edificables as parcelas con fronte á vía pública.

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0E3

Expediente

Fecha

07-08-15 10:11

Non se permite a segregación ou división de parcelas nin serán edificables as parcelas procedentes de segregacións ou divisións realizadas despois da entrada en vigor da Lei 15/2004, de modificación da Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

d) A superficie total ocupada en planta pola edificación non poderá superar os 150 metros cadrados.

e) Altura máxima: planta baixa e unha planta alta, cun máximo de 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arrinque inferior da vertente de cuberta.

f) Recuamentos mínimos: recuamento frontal mínimo de 5 metros; 3 metros aos restantes lindeiros, sen prexuízo das limitacións establecidas pola lexislación sectorial de aplicación en materia de estradas.

g) Tipoloxía edificatoria: vivenda unifamiliar illada.

h) Só se permitirá unha vivenda en cada parcela.

i) A nova edificación deberá situarse a unha distancia inferior a 50 metros doutra vivenda existente con anterioridade á entrada en vigor da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Asimesmo de acordo co disposto no artigo 24.2 da Lei 9/2002, coa redacción dada pola Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes, cando se pretendan construír novas edificacións, ou substituír as existentes, as persoas propietarias cederán gratuitamente ao concello os terrenos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso (ditos bens pasarán a integrarse no patrimonio municipal do solo segundo o 176.2.d da Lei 9/2002) e executar, á súa costa, a conexión cos servizos existentes no núcleo nos termos previstos no artigo 172º.1 da lei (Para edificar no eido dos núcleos rurais deberá executarse a conexión coas redes de servizo existentes no núcleo rural ou nas súas proximidades. De non existir, resolveranse por medios individuais con cargo ao promotor ou promotora da edificación e co compromiso de conexión cando se implanten os servizos. E o artigo 172.3 da mesma norma posibilita a autorización da execución simultánea das obras de acometida, urbanización e edificación, debendo o municipio esixir garantías suficiente do cumprimento desta obriga.

Do expediente resulta acreditado o cumprimento da cesión gratuita a viais, formalizado mediante acta de cesión outorgada o 23 de xullo de 2015 e a constitución dunha fianza por importe de 500 euros en garantía dos servizos urbanísticos de acometida ás redes de electricidade, abastecemento de auga e saneamento.

O artigo 29 sinala as condicións da edificación das cales podemos salientar as seguintes:

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0E3

Expediente

Fecha

07-08-15 10:11

-As características estéticas e constructivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do asentamento. En tal senso, para o acabado das edificacións, empregárase a pedra e os materiais tradicionais e propios da zona.

-A cuberta terá unha pendente igual ou inferior á media das existentes no seu asentamento, nunca superior a 40º, e estará formada por planos continuos sen quebras nas súas vertentes.

De acordo co previsto no artigo 197 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. Poderase conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados.

Visto que a técnico xurídico sinala no seu informe que, de conformidade co previsto no artigo 17.1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia, o acto polo que se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calesquera outras especificacións requiridas polas disposicións vixentes o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes extremos:

- Clasificación e calificación urbanística do solo obxecto da actuación.
- Finalidade da actuación e uso ao que se destinará.
- Altura, volúmenes e ocupación de parcela permitidos.
- Contía en que se presupostan as obras.
- Situación e emplazamento das obras.
- Nome ou razón social do promotor.
- Técnico autor do proxecto e director das obras.
- Prazos para o inicio e terminación das obras.

Será requisito indispensable dispoñer xunto a obra, de copia autorizada da licenza municipal, e colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de prantas autorizadas e o número de expediente.

Os datos a ter en conta na concesión da licenza serán os seguintes:

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0E3

Expediente

Fecha

07-08-15 10:11

Clasificación do solo: Núcleo Rural, Ordenanza nº 7 do Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba o ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento (DOGA 23-06-2006) segundo a nova redacción dada polo Decreto 89/2010, do 3 de xuño.

Finalidade da actuación: Vivenda unifamiliar illada.

Altura, parcela e ocupación de parcela autorizadas: 2 plantas (B+1); superficie total da parcela tra-la cesión a viais (dentro de núcleo rural): 825,95 m², ocupación da parcela 68,80 m².

Contía en que se presupostan as obras de execución material: 101.265,00 euros.

Situación e emplazamento das obras: Lugar Mañona, Pallaregas, parroquia de Covas-Viveiro, finca de referencia catastral 27067 A026026240000XD.

Nome do promotor: Francisco José Criado Sánchez.

Técnico autor do proxecto e director facultativo: Fernando Losada Liste.

Prazos para o inicio e terminación das obras: Establécense os prazos de 6 meses e 3 anos, respectivamente, dende a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder licenza urbanística a D. Francisco José Criado Sánchez, (expediente URB/13/2015) para construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Mañona, Pallaregas, parroquia de Covas- Viveiro, na finca de referencia catastral 27067 A026026240000XD, de acordo co proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Fernando Losada Liste visado polo COAG en data 19 de decembro de 2014 co número 1408599, e baixo a súa dirección facultativa.

Segundo.- CONDICIÓNNS PARTICULARES

Con independencia das condicións xerais ás que se atopan suxeitas tódalas licenzas urbanísticas, a presente quedará sometida ao cumprimento das condicións particulares que de seguido se transcriben:

1. O interesado deberá constituir unha fianza de 1.500 euros en garantía da reparación dos posibles danos que se poidan ocasionar nos espazos públicos durante a execución das obras.
2. De xenerarse entullos, deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.
3. Deberase solicitar autorización municipal para ocupación do dominio público, de ser necesaria.

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0E3

Expediente

Fecha

07-08-15 10:11

As CONDICIÓN XERAIS ás que se suxeita a licenza son as seguintes:

- 1.1 A presente licenza só facultará á súa titular para realizar a actuación solicitada e producirá efectos entre o Concello e o suxeito a cuxa actuación se refire pero non alterará a situacións xurídico privadas entre este e as demais persoas.
- 1.2 As obras executaranse con estrita suxeición ó proxecto aprobado e baixo a dirección do técnico que figura no expediente e do director de execución material que se designe. Toda variación ulterior que se pretenda introducir precisará a conformidade previa.
- 1.3 A promotora queda obrigada ao cumprimento das medidas de seguridade e saúde no traballo previstas na lexislación vixente, coa obrigatoriedade de levantar un valado de protección que non poderá impedi-lo tránsito público; así mesmo, as estadas que se empreguen deberán acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal da obra e de terceiros que transiten pola vía pública.
- 1.4 Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.
- 1.5 A licenza urbanística constitúe un requisito legal para a contratación da subministracións dos servizos de enerxía eléctrica, auga, gas, telefonía e telecomunicacións, nos casos e termos establecidos na lexislación urbanística.
- 1.6 A titular deberá notificar ó Concello a data de iniciación das obras. No caso de obras de nova edificación, a notificación acompañarase da acta de replanteo asinada pola dirección facultativa.
- 1.7 O Concello poderá conceder prórroga dos prazos de caducidade fixados na licenza, por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados. A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal previo procedemento con audiencia ao interesado.
- 1.8 Transmisión da licenza urbanística: As licencias urbanísticas serán transmisibles, pero tanto o antigo como o novo titular deberán notificalo ó Concello. De non producirse dita comunicación, quedarán ambos suxeitos ás responsabilidades derivadas da actuación amparada pola licenza. Xunto coa comunicación, deberá achegarse copia da licenza que se pretende transmitir. A notificación do titular anterior poderá ser substituída polo documento público ou privado que acredite a transmisión “Intervivos” ou “mortis causa” da propiedade ou posesión do inmovible, local ou soar. Os deberes urbanísticos sobre os terreos, construcións e edificacións teñen carácter real. As transmisións realizadas por actos “Intervivos”

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0E3

Expediente

Fecha

07-08-15 10:11

ou “mortis causa” non modificarán a situación xurídica do titular, quedando o adquirente subrogado no lugar e posto do transmitinte, tanto nos seus dereitos e deberes urbanísticos como nos compromisos que este tivese acordado coa administración e fosen obxecto de inscrición rexistral.

- 1.9 A declaración de caducidade extinguirá a licenza, non podendo iniciarse nin continuar as obras, agás traballos de seguridade e mantemento, dos que se dará conta ó Concello para o seu control, sen prexuízo do establecido no parágrafo seguinte.
- 1.10 A solicitude de rehabilitación da licenza caducada, poderá outorgarse cando non houberse cambiado a normativa aplicable ou as circunstancias que motivaron a súa concesión. A tódolos efectos, a data da licenza será a do outorgamento da rehabilitación.
- 1.11 Antes da ocupación da edificación, o promotor haberá de solicitar e obter no Concello a licenza de primeira ocupación, acompañada da documentación preceptiva.
- 1.12 A concesión desta licenza non autoriza para a instalación de actividades clasificadas nin para a apertura ó público dos locais, que haberán de ser obxecto das correspondentes autorizacións municipais
- 1.13 A promotora deberá dispoñer dun cartel informativo visible dende o exterior, no que consten:
 - a) O nome e apelidos dos seguintes técnicos: dos proxectistas, dos directores da obra e de execución da obra, do coordinador de seguridade e saúde e dos contratistas.
 - b) Ordenanza que se aplica e usos aos que se vai destinar a edificación.
 - c) Data de expedición da licenza e prazo de execución das obras.
 - d) Número de plantas autorizadas.
 - e) Número de expediente.
 - f) Prazo de execución das obras.

Quinto.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados e ó Servizo de Tesourería.

B.- URB/154/2015.- B27313873 GRUPO RESTAURGAL S.L.

Vista a solicitude de licenza presentada pola mercantil Grupo Restaurgal, S. L., con CIF 76.569.879-G, e domicilio a efectos de notificación na Rúa Rego de Foz, 1, C. P. 27780 Foz (Lugo), para obras de acondicionamento das plantas baixa e primeira do inmovible sito na rúa Pastor Díaz nº 66, no casco antigo de Viveiro, de referencia catastral 3353710PJ1335S0001ZO, para ampliación da superficie actualmente

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0E3

Expediente

Fecha

07-08-15 10:11

destinada á actividade de mesón restaurante. Coa solicitude achégase proxecto técnico asinado polo arquitecto técnico, D. Luis Rodríguez Díaz e xustificante de aboamento dos tributos municipais por ICIO, taxa de licenza de obras, e sello municipal.

Visto o informe técnico favorable, emitido polo arquitecta técnica da Oficina de Rehabilitación do Casco Antigo, que conta co visto e praxe do arquitecto municipal. Segundo se desprende do indicado informe, o orzamento de execución material é de 5.269,22 euros, coincidente co declarado na autoliquidación provisional. As actuacións propostas adecúanse á normativa urbanística e técnica de aplicación, segundo se indica no citado informe técnico.

Visto o informe favorable, emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que se recolle que consonte o disposto no artigo 194.2 da LOUGA, na redacción dada pola disposición transitoria terceira da Lei 19/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, estarán suxeitos a licenza municipal previa... b) as intervencións en edificios declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos. O inmobile sobre o que se pretende actual atópase no catálogo-inventario do PEPRÍ do casco antigo de Viveiro, polo que as actuacións solicitadas han de tramitarse polo procedemento de licenza municipal. A ordenanza de aplicación ao solo urbano da zona antiga de Viveiro é a regulada no punto 1.3 do Anexo ao Decreto 102/2006, que remite, en canto a condicións de edificación e usos, ao documento do PEPRÍ da zona antiga aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o 7 de agosto de 1997 (BOP de Lugo nº 233 do 10 de outubro, así como as súas modificacións puntuais aprobadas definitivamente en datas do 31 de xullo de 2003 e do 9 de setembro de 2003. As obras propostas cumpren coa normativa urbanística e técnica así como coa ordenanza de aplicación.

De conformidade co disposto no artigo 47.2 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, os Concellos son competentes para autorizar as obras que desenvolvan os plans especiais de protección dos conxuntos históricos, tras a súa aprobación definitiva, debendo dar conta á Consellería de Cultura das licenzas concedidas nun prazo máximo de dez días. Segundo o disposto no artigo 196.2 da LOUGA, cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia e, xunto coa comunicación previa ou solicitude de licenza de obra, no seu caso, poñeranse en coñecemento da administración municipal os datos identificativos e aportarase a documentación

Concello de Viveiro



<i>Dependencia</i> XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL 62.- MOC		
<i>Documento</i> XUNZI0E3	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 07-08-15 10:11

prevista no artigo 24 da Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

No presente caso, as obras propostas consisten no acondicionamento tanto do baixo adicado á actividade como da primeira planta, producíndose polo tanto unha ampliación da superficie que se prevé destinar á actividade. En consecuencia resulta de aplicación o disposto no artigo 27 da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia, segundo o cal de producirse calquera cambio relativo ás condicións ou ás características da actividade ou do establecemento, quen exerza a titularidade das actividades deberá comunicar ao órgano competente (neste caso, o Concello de Viveiro) calquera cambio que se produza (*por canto afecta á actual licenza de actividade ou apertura de establecemento do local*). E, en todo caso, deberá presentar unha nova comunicación previa, en cumprimento dos requisitos do artigo 24 da mencionada norma, si se produce unha modificación da clase de actividade, cambio de localización, reforma substancial dos locais, instalacións ou calquera cambio que implique unha variación que afecte á seguridade, salubridade ou perigosidade do establecemento.

O artigo 24.2 da norma citada enumera a documentación a achegar xunto coa comunicación previa prevista na normativa urbanística ou coa solicitude de licenza de obra, debendo presentar comunicación previa para o inicio de actividade logo de rematada a obra.

A documentación acreditativa dos requisitos exixibles para o exercicio da actividade ou para o inicio da obra e instalación, á que se refire o parágrafo 1º do artigo 24 da Lei 9/9/2013, do emprendemento, é a seguinte:

- a) Memoria explicativa da actividade que se pretende realizar, coa manifestación expresa do cumprimento de todos os requisitos técnicos e administrativos.
- b) Xustificante de pagamento dos tributos municipais.
- c) Declaración de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e as instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico.
- d) Proxecto e documentación técnica que resulte exixible segundo a natureza da actividade ou instalación.
- e) A autorización ou declaración ambiental que proceda.
- f) As autorizacións e os informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que se conta con todos os necesarios para o inicio da obra, instalación ou actividade.
- g) Se for o caso, o certificado, acta ou informe de conformidade emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal reguladas nesta lei.

Concello de Viveiro



<i>Dependencia</i> XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL 62.- MOC		
<i>Documento</i> XUNZI0E3	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 07-08-15 10:11

Revisada a documentación achegada polo interesado para a solicitude de licenza de obra, considéranse suficientemente acreditados os seguintes extremos respecto da actividade obxecto de modificación substancial:

- Memoria explicativa da actividade.
- O redactor do proxecto xustifica que o local cumpre as especificacións do CTE en materia de seguridade, salubridade, e protección fronte ao ruído.
- Xustificante de pagamento das taxas municipais.
- Declaración de cumprimento de todos os requisitos para o exercicio da actividade.
- Non resultan esixibles os documentos indicados nas letras d), e), f) e g) dada a natureza da actividade proxectada.

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Outorgar a GRUPO RESTAURGAL, licenza municipal para obras de acondicionamento das plantas baixa e primeira do inmobile sito na rúa Pastor Díaz nº 66, no Casco Antigo de Viveiro, de referencia catastral 3353710PJ1335S0001ZO, para ampliación da superficie actualmente destinada á actividade de mesón restaurante, de acordo co proxecto técnico asinado polo arquitecto técnico, D. Luis Rodríguez Díaz.

Segundo.- Con independencia das condicións xerais ás que se atopan suxeitas tódalas licenzas urbanísticas, a presente quedará sometida ao cumprimento das condicións particulares que de seguido se transcriben:

- O rótulo do local non pode ser luminoso.
- De xenerarse entullos, deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.
- Deberase solicitar autorización municipal para ocupación do dominio público, de ser necesaria.

Terceiro.- Dar conta da concesión desta licenza, no prazo máximo de dez días, á Consellería de Cultura, en cumprimento do disposto no artigo 47.2 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia.

Cuarto.- Informar á interesada que unha vez rematadas as obras, deberá presentar a comunicación previa de inicio de actividade no modelo oficial aprobado por este Concello.

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0E3

Expediente

Fecha

07-08-15 10:11

Quinto.- Dar conta da resolución que se adopte ao responsable da oficina municipal de IBI para que adopte as medidas legalmente previstas como consecuencia do cambio de uso (pasa de uso vivenda a uso hosteleiro) que se produce na planta primeira do inmovible.

Sexto.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados.

C.- URB/187/2015.- 76556153D TRIGO CABO, GUADALUPE

Vista a solicitude de licenza presentada por D^a. Guadalupe Trigo Cabo, con DNI 76.556.153-D, e domicilio a efectos de notificación en Rúa Misericordia, 39, P1 B, Viveiro, para una construción auxiliar destinada a galiñeiro, a ubicar en A Granxa, s/n parroquia de Vieiro-Viveiro, na finca de referencia catastral 2350144PJ1325S0002AY, segundo o proxecto técnico redactado por, D. Bernardo Fraga Galdo.

Visto o informe técnico emitido polo arquitecto municipal, no que sinala que a clasificación do solo é a de rústico especialmente protexido, ubicado na franxa de 200 m de largo dende o límite dos espazos declarados como zonas de especial protección dos valores naturais polo Decreto 72/2004, LIC Rio Landro. Segundo informa o técnico municipal, as actuacións propostas incumpren as condicións de edificación establecidas na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA) respecto da superficie da parcela e en materia de recuamento a lindeiros.

O artigo 44.1, letra a) da LOUGA regula as condicións adicionais para outras actividades construtivas non residencias en solo rústico establecendo que a superficie da parcela na que se ubique a edificación non será inferior a 3.000 metros cadrados; segundo a información catastral, recollida no proxecto técnico, a superficie da parcela é de 651 metros cadrados, polo que non se cumpre a citada condición

A maior abundamento, tamén se incumpre o disposto no artigo 42 letra d) da LOUGA en materia de recuamentos por canto o recuamento a lindeiros recollido no proxecto técnico é inferior aos 5 metros esixidos no precepto citado.

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Concello de Viveiro



<i>Dependencia</i> XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL 62.- MOC		
<i>Documento</i> XUNZI0E3	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 07-08-15 10:11

Primeiro.- Desestimar a petición de licenza solicitada por D^a. Guadalupe Trigo Cabo, para una construción auxiliar destinada a galiñeiro, a ubicar en A Granxa, s/n parroquia de Vieiro, en Viveiro, na finca de referencia catastral 2350144PJ1325S0002AY, por non adecuarse á lexislación e ao planeamento urbanístico.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados.

3.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

A.- URB/164/2015.- 38447185V FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, MIGUEL

Vista a solicitude de licenza de primeira ocupación, presentada por D. Miguel Fernández Rodríguez, con DNI 38.447.185-V, e domicilio a efectos de notificación na rúa Margarita Pardo de Cela, nº 14, en Viveiro, para unha vivenda unifamiliar rehabilitada ao abeiro da licenza de obras outorgada pola Xunta de Goberno Local o 7 de maio de 2008 (expediente numero URB/95/2007), no lugar de Ventoselle, nº 1, parroquia de Covas, de referencia catastral 27067 A025005820001MM; o mencionado órgano municipal autorizou, en data 31 de xaneiro de 2013, diversas modificacións sobre dita licenza, consistentes na recuperación da solaina tradicional de madeira, transformación de ocos e carpintería e a supresión da escaleira exterior.

Coa solicitude, os interesados achegouse a seguinte documentación:

- Certificación asinada polo arquitecto, D. David Delgado Baudet en data 17 de xuño de 2015, acreditativa do cumprimento da normativa sobre habitabilidade das vivendas.
- Certificado final de obra, visado polo colexio oficial de arquitectos de Galicia o 15 da maio de 2015, no que consta como data de remate da rehabilitación a do 6 de marzo de 2015.
- Anexo I de modificacións introducidas durante a obra (que responden ás autorizadas pola Xunta de Goberno).

Visto o informe técnico emitido pola arquitecta técnica enxeñeira da edificación da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico, no que se informe que, unha vez inspeccionada a vivenda para a que se solicita a licenza de primeira ocupación, se axusta ó proxecto básico e o modificado de proxecto básico e de execución para vivenda unifamiliar, que se presentou no seu día, así como á licenza outorgada na

Concello de Viveiro



<i>Dependencia</i> XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL 62.- MOC		
<i>Documento</i> XUNZI0E3	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 07-08-15 10:11

Xunta de Goberno Local de data 7 de maio de 2008, así como á documentación final de obra. Que as obras de urbanización consistiron na instalación dunha fosa séptica, un pozo e a acometida de subministro eléctrico.

Visto o informe xurídico emitido pola técnico xurídico de urbanismo, en virtude do previsto nos artigos 172 e 175 do ROF, así como a súa proposta de resolución.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, e en base a proposta de Resolución do informe da técnico xurídico de urbanismo, acorda:

Primeiro.- Conceder a D. Miguel Fernández Rodríguez, licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar rehabilitada ao abeiro da licenza de obras outorgada pola Xunta de Goberno Local o 7 de maio de 2008 (expediente número URB/95/2007), no lugar de Ventoselle, nº 1, parroquia de Covas, de referencia catastral 27067 A025005820001MM, e coas modificacións autorizadas mediante acordo do mesmo órgano municipal en data 31 de xaneiro de 2013.

Segundo.- Notificar aos interesados a resolución que se adopte, con indicación dos recursos que legalmente correspondan.

Terceiro.- Previamente a expedición da licenza de primeira ocupación, os interesados deberán ingresar as taxas municipais cuio importe, segundo a liquidación practicada, ascende a 384,53 euros.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Urbanismo, ó obxecto de que se notifique o presente acto, finalizador da vía administrativa, ós interesados.

4.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS

A.- XUN/72/2015 .- GONZALEZ ALBO, JOSE ANTONIO SOLICITANDO AUTORIZACION PARA XUBILACION PARCIAL.

Dáse conta do escrito de D.José Antonio Gonzalez Albo, adscrito o servizo de persoal Laboral como condutor nos servizos de protección civil , tendo o domicilio a efectos de notificación en Magazos-Coto-51 de Viveiro, no que solicita a autorización para proceder á xubilación por cumprir 60 anos de idade e ter máis de 40 de cotizacións.

Concello de Viveiro



<i>Dependencia</i> XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL 62.- MOC		
<i>Documento</i> XUNZI0E3	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 07-08-15 10:11

Visto o informe emitido polo servizo de RRHH, que entre outros, indica:

“Que os requisitos da Seguridade Social, ter máis de 61 anos cumpridos, máis de 33 anos cotizados, e máis de 6 últimos anos na empresa.

Lei 27/11 de Réximen Xeral da Seguridade Social e ss.

Sempre e cando non se poña impedimento pola idade do que se pretende xubilarse con 60 anos cumpridos, e

Tendo en conta tamén que cando se reduza a xornada nun 75%, para poder acadar o 100 x 100 das retribucións, a empresa-Concello deberá formalizar un contrato parcial, nun 25% e parello o mesmo, contrato de relevo de duración determinada nun 75% de xornada (nos casos que NON resulten de aplicación a disposición final 12.2) do contrario o contrato de relevo será indefinido e a xornada completa.

Visto que o informe da Seguridade Social orientativo da futura pensión, que xunta cun 0,75% xubilación parcial, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

Acceder e comunicar ao interesado que se procederá a tramitar o expediente de xubilación parcial ante o Instituto Nacional da Seguridade Social.

B.- XUN/73/2015 .- 76556093H MARTINEZ LOUZAO, SANTIAGO SOLICITANDO PERMISO PARA XUBILACION PARCIAL E PRIMA POR XUBILACION.

Dáse conta do escrito de D. Santiago Martínez Louzao, adscrito ao cadro de persoal laboral deste Concello, con domicilio a efectos de notificación en San Lazaro-bloque-1-1º-C de Viveiro, no que solicita a autorización para proceder á xubilación parcial por cumprir 61 anos de idade.

Visto o informe emitido polo servizo de RRHH, que entre outros, indica:

“Que reúne os requisitos da Seguridade Social, por ter máis de 61 anos cumpridos, máis de 33 anos cotizados, e máis de 6 últimos anos na empresa.

Lei 27/11 de Réximen Xeral da Seguridade Social e ss.

Tendo en conta tamén que cando se reduza a xornada nun 75%, para poder acadar o 100 x 100 das retribucións, a empresa-Concello deberá formalizar un contrato parcial, nun 25% e parello o mesmo, un contrato de relevo de duración determinada nun 75% de xornada (nos casos que NON resulten de aplicación a disposición final 12.2) do contrario o contrato de relevo será indefinido e a xornada completa.

Visto que o informe da Seguridade Social orientativo da futura pensión cun coeficiente redutor dun 0,75% xubilación parcial, a Xunta de Goberno Local, por

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0E3

Expediente

Fecha

07-08-15 10:11

unanimidade, acorda acceder ao solicitado e comunicar ao interesado que se procederá a tramitar o expediente de xubilación parcial ante o Instituto Nacional da Seguridade Social.

C.- XUN/75/2015 .- 32769882B ABAD GUERREIRO, MARIA JOSE RECLAMACION DE CANTIDADE.

Dáse conta do escrito de D^a. M^a. José Abad Guerreiro, con DNI nº 32769882B, con domicilio a efectos de notificación na Avda. Navía Castrillón, 19-2º-C, de Viveiro, que por medio do presente escrito, e dando cumprimento o establecido no artigo 71 da Lei Reguladora da Xurisdición Social, ven en interpoñer Reclamación Administrativa Previa sobre Reclamación de Cantidade como Peón de Servizos Múltiples, estando en situación de IT desde o 17/11/2014, debendo percibir, conforme ao Convenio Colectivo de Persoal actualmente en vigor a cantidade de 6.420,11 €uros por diferencias salariais.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda que polos servizos do Técnico-económico e de Intervención se emita informe ó respecto; así como que se xunte copia ós servizos xurídicos do Concello e o Comité de Empresa.

D.- XUN/76/2015 .- QUELLE SOTO, ALEJANDRO SOLICITANDO RECOÑECEMENTO DE TRIENIO.

Dáse conta de escrito de D. Alejandro Quelle Soto, domiciliado en Bimbial, 73-Magazos, manifestando que prestou servizos nas empresas do Concello de Viveiro coa data de 2000 a 2001 como peón ebanistería; como monitor de ebanistería no 2007; como monitor de ebanistería no Concello de Vicedo; así como nos Obradoiros de emprego do Concello de Viveiro e no departamento de obras.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Solicitar ó traballador que deberá aportar contratos e nóminas do Concello de Vicedo e contratos Plan Fip, así como os contratos de monitor dos Obradoiros dos Concellos.

Segundo.- Que polo Negociado de personal se emita o correspondente informe dos servizos prestados unha vez recabada a documentación.

15.08.04/VAR.1.- PROPOSTA DA OFICINA DE REHABILITACIÓN DA MEMORIA-PROGRAMA PARA A FASE XIV DO PLAN DE REHABILITACIÓN DO CASCO

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0E3

Expediente

Fecha

07-08-15 10:11

HISTÓRICO DE VIVIERO SEGUNDO CONVOCATORIA REALIZADA POLO INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO DE DATA 22 DE XULLO DE 2015.

Visto escrito da Consellería de Medio Ambiente-Territorio e Infraestructuras. Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo, no que comunica que este Concello solicitou a participación no Programa de Rexeneración e Renovación Urbanas do Plan Estatal de Fomento do Alugamento de Vivendas, a Rehabilitación e a Rexeneración e Renovación Urbanas, 2013-2016, ao abeiro da Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras do 9 de marzo de 2015 (Dog núm.,. 52, do 17 de marzo de 2015) pola que se establecen as bases reguladoras do devandito programa.

Visto que o financiamento deste programa quedou reflectido para toda Galicia, no convenio asinado entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Fomento publicado no DOG núm 206, do 28 de outubro de 2014) e segundo o reaxuste acordado na Comisión Bilateral de Vivenda do 6 de febreiro de 2015. Propónse un financiamento máximo para ese concello e para todas as Areas de Rehabilitación declaradas ou en trámite de declaración de 178.800,00 euros, e co seguinte esquema de financiamento anual

Anualidade 2015	71.992,46 €
Anualidade 2016	106.807,54€

Sendo necesario que as memorias propostas esteñan adaptadas ás esixencias do novo plan 2013-2016, para proceder a súa tramitación, e debido a que este concello mantén a súa solicitude de participación para o programa de Rexeneración e Renovación Urbanas do Plan 2013-2016, A Xunta de Goberno, por unanimidade,

ACORDA:

Primeiro.- Manter a solicitude deste concello de participación para o programa de Rexeneración e Renovación Urbanas do Plan 2013-2016.

Segundo.- Aprobar as memorias-programas actualizadas e completadas a que refire o artigo 27.3.b) do R.d. 233/2013, do 5 de abril, así como as “fichas resume” debidamente completadas e asinadas, con base ao tope máximo de financiamento sinalado e asinado a este concello.

Terceiro.- Achegar, dentro do prazo establecido, a documentación requirida.

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0E3

Expediente

Fecha

07-08-15 10:11


Cuarto.- Facultar á Alcaldesa para levar a cabo os trámites correspondentes.

5.- RECOÑOCIMIENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS.

A.-15.08.04/FAC.- APROBACIÓN DE FACTURAS.

Vista a proposta da Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fenández Fernández, coa conformidade da Intervención, que recolle facturas e obrigas, co seguinte listado:

Concello de Viveiro




Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento	Expediente	Fecha
XUNZIOE3		07-08-15 10:11

220150007993	ADO		04/08/2015	2015 3380 22609	1.923,90	B74261728 / REIRIZ FUEGOS ARTIFICIALES, S.L.U.
22015001900	A/51			ACTIVIDADES CULTURALES Y DEPORTIVAS. FESTEJOS	1.923,90	FRA.A/51 COHETES DISPARADOS NAS FESTAS SANTA CRUZ DE CHAVIN OS DIAS 1 E 2 MAIO-2015
220150007994	ADO		04/08/2015	2015 3380 22609	1.420,00	B74261728 / REIRIZ FUEGOS ARTIFICIALES, S.L.U.
22015001901	A/52			ACTIVIDADES CULTURALES Y DEPORTIVAS. FESTEJOS	1.420,00	FRA.A/52 COHETES DISPARADOS NAS FESTAS SAN MARTIN CASTELO DE LANDROVE O 22 E 23-MAIO-2015
220150007995	O		04/08/2015	2015 920 22200	7,16	A78923125 / TELEFONICA SERVICIOS MOVILES S.A.
22015000042	28-F581-406794			COMUNICACIONES TELEFONICAS, SERVICIOS XERAIS	7,16	FRA. N°28-F581-406794. GASTO TELÉFONOS MÓBILES SERVIZOS MUNICIPAIS DE 18/04 A 17/05/2015
22015000042				2015 920 22200	267,06	
22015000042				COMUNICACIONES TELEFONICAS, SERVICIOS XERAIS	267,06	
22015001209				2015 912 22200	445,56	
22015001209				COMUNICACIONES TELEFONICAS, ORGANOS DE GOVERNO	445,56	
22015001210				2015 132 22200	147,68	
22015001210				SERVICIOS DE TELECOMUNICACIONES.POLICÍA LOCAL	147,68	
22015001211				2015 135 22200	78,86	
22015001211				COMUNICACION TELEFONICA MOVEIS, PROTECCION CIVIL	78,86	
22015001212				2015 150 22200	95,57	
22015001212				SERVICIOS DE TELECOMUNICACIONES.SERVICIOS MULTIPLES	95,57	
22015001213				2015 2315 22200	10,89	
22015001213				TELEFONOS OFICINA ATENCION A INMIGRANTES	10,89	
22015001214				2015 165 22200	16,71	
22015001214				SERVICIOS DE TELECOMUNICACIONES.ALUMBRADO PÚBLICO	16,71	
22015001215				2015 171 22200	25,17	
22015001215				SERVICIOS DE TELECOMUNICACIONES.PARQUES Y JARDINES	25,17	
22015001216				2015 2310 22200	42,36	
22015001216				TELÉFONICAS SERVIZOS SOCIAIS	42,36	
					Total Importe...	1.137,02
					Total Saldo.....	1.137,02

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento	Expediente	Fecha
XUNZIOE3		07-08-15 10:11

220150007996 22015000042	O 28-F5Y1-007795	04/08/2015	2015 920 22200 COMUNICACIONES TELEFONICAS, SERVICIOS XERAIS	12,10 12,10	A78923125 / TELEFONICA SERVICIOS MOVILES S.A. FRA. 28-F5Y1-007795 COTA MENSUAL MANTEMENTO EQUIPO MOVISTAR ENLACE
220150007997 22015001902	ADO 150000121	04/08/2015	2015 342 22111 SUMIN. DE REPUESTOS DE MAQUINARIA, UTILLAJE Y ELEMENTOS TPTE.	32,65 32,65	B27237742 / FERNANDEZ Y FRANCO S.L. FRA. 150000121 SMTRO. DE MANGUERA CRISTAL, 4 MAILLAS E TORNILLOS PARA REPARACIONES EDIFICIOS DEPORTIVOS
220150007998 22015001674	ADO 8	04/08/2015	2015 3380 22609 ACTIVIDADES CULTURALES Y DEPORTIVAS. FESTEJOS	2.746,70 2.746,70	B27204510 / BELFOGA, S.L. FRA.8. FESTAS DE CHAVIN 2015. COLOCACION DE 2 ARCOS, 2 GRUPOS ELECTROXENOS
220150007999 22015001675	ADO 9	04/08/2015	2015 3380 22609 ACTIVIDADES CULTURALES Y DEPORTIVAS. FESTEJOS	3.103,65 3.103,65	B27204510 / BELFOGA, S.L. FRA.9. FESTAS DE LANDROVE 2015.COLOCACION DE 4 ARCOS, 2 GRUPOS ELECTROXENOS E 1 GRUPO PARA MEGAFONIA CAMPO FUTBOL
220150008001 22015001903	ADO MISION SERVICIO	04/08/2015	2015 912 23100 LOCOMOCIÓN ÓRGANOS DE GOBIERNO.	93,48 93,48	32652414G / REY YAÑEZ MARIA SOLEDAD AXUDA DE CUSTO POR VIAXE A RIBADESELLA O 30/06/2015 REUNION VILLAS MARINERAS
220150008002 22015001904	ADO INFORME	04/08/2015	2015 2310 23120 LOCOMOCIONS DEL PERSONAL NO DIRECTIVO. SERVICIOS SOCIAIS	274,36 274,36	33858191Y / TALLON ALVAREZ, CARMEN AXUDA DE CUSTO POR DESPRAZAMENTOS CON MOTIVO DO SEU TRABALLO DO 5-5-2014/30-4-2015
220150008012 22015001897	ADO CONTRATO	04/08/2015	2015 3340 22609 ACTIVIDADES CULTURALES Y DEPORTIVAS. PROMOCIÓN CULTURA	5.000,00 1.000,00	G27456086 / ASOCIACION CULTURAL PROA DE VIVEIRO XESTION E ORGANIZACION DA XXXII FEIRA DE ARTESANIA DE VIVEIRO ENTRE OS DIAS 7 O 16-AGOSTO-2015

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0E4

Expediente

Fecha

07-08-15 10:19

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e certificacións de obra que antecede, recoñecendo as obrigas que derivan das mesmas.

Segundo.- Dar conta do referido acordo ós Departamentos de Intervención, Tesourería e Servizos Económicos.

6.- AUTORIZACIÓN E DISPOSICIÓN DE GASTOS.

A.-15.08.04/AU.- AUTORIZACIÓN DE GASTOS.

Vista a relación de gastos presentada polos Concelleiros, coa fiscalización previa de conformidade pola Intervención, certificando a existencia de crédito, co seguinte listado:

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
XUNZI0E4		07-08-15 10:19

220150007934	RC	04082015	04/08/2015	2015	3260 22799	3.424,30	
22015001892		PROPOSTA GAS			OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS Y PROF.	3.424,30	RC ELABORACIÓN DE PLAN DE PROTECCIÓN CONSERVATORIO DE MÚSICA
220150007952	RC	04082015	04/08/2015	2015	3340 22609	5.000,00	
22015001897		PROPOSTA GAS			ACTIVIDADES CULTURALES Y DEPORTIVAS. PROMOCIÓN CULTURA		RC FERIA DE ARTESANÍA 2015

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0ER

Expediente

Fecha

14-08-15 13:54

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a autorización de gastos recollida no listado que antecede.

Segundo.- Dar conta do presente acordo ao Departamento de Intervención.

B.-15.08.04/A.1.- AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA A PRESTACIÓN DENOMINADA: "XESTIÓN E ORGANIZACIÓN DA XXXII FEIRA DE ARTESANIA DE VIVEIRO 2015".

Visto o contrato asinado o día 3 de agosto de 2015 entre a Alcaldía do Concello e D^a. Noela Feal Jiménez, en representación da "Asociación cultural Proa de Viveiro", con CIF G-27456086 (Expte. de contratación CT 2015/10) para a execución da prestación denominada "Xestión e organización da XXXII Feira de Artesanía de Viveiro 2015".

Visto que con base no artigo 111.1 TRLCSP, a cláusula 12 do referido contrato, condiciona a tramitación do expediente de contratación á aprobación do gasto e á incorporación ao mesmo da factura correspondente.

Vista a Proposta de Gasto, asinada o 30 de xullo de 2015, para a realización da devandita prestación, emitida pola Concellería de Facenda, por un importe total de 5.000 €, IVE engadido, e o certificado de Retención de crédito para facer fronte ao referido gasto

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZIOER

Expediente

Fecha

14-08-15 13:54

220150007952
22015001897

RC

04082015
PROPOSTA GAS

04/08/2015

2015 3340 22609
ACTIVIDADES CULTURALES Y
DEPORTIVAS. PROMOCIÓN
CULTURA

5.000,00

RC FERIA DE ARTESANÍA 2015

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0FK

Fecha

15-09-15 13:59

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a autorización do gasto por importe de 5.000 €, IVE engadido, para a execución da prestación denominada “*Xestión e organización da XXXII Feira de Artesanía de Viveiro 2015*”.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Intervención e Servizo de Contratación municipais.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non existiron asuntos a tratar neste punto da orde do día.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 18:30 horas do día 04 de agosto de 2015, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu Secretaria dou fe.